



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)

A Alcaldesa-Presidenta, en data 29.09.2009 ditou Resolución que na súa parte dispositiva é como segue:

“Primeiro.- Avocar a competencia que en materia de contratación teño delegada na Xunta de Goberno Local aos únicos efectos de adxudicar provisionalmente a obra “Abastecemento e saneamento nos lugares de Herbello e Francón”.

Segundo.- Adxudicar provisionalmente a execución da referida obra á mercantil CONSTRUCCIONES VALE S.L., co CIF n.º B-36024933, e domicilio en Leirado – Salvaterra de Miño (CP 36457) de Pontevedra, no prezo total de CIENTO QUINCE MIL NOVECENTOS CORENTA E NOVE EUROS CON CINCUENTA E UN CÉNTIMOS (115.949,51 €), melloras sen custe adicional por importe de VINTE E TRES MIL CATROCENTOS OITENTA E SETE EUROS CON SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (23.487,65 €) e un prazo de execución de DOUS MESES.

Terceiro.- Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante e notificar o mesmo ás empresas licitadoras.

Cuarto.- Conceder un prazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste acordo no Perfil do Contratante, para que a empresa adxudicataria cumpra cos seguintes trámites:

- Achegar a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, Seguridade Social, Xunta de Galicia e Concello de Cangas (no caso de non tela achegada).
- Constituír garantía definitiva por importe do 5 % do prezo de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

Quinto.- Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno Local na súa próxima sesión aos efectos da súa ratificación.

Cangas, 29 de setembro de 2009”

O que se fai público no Perfil do Contratante aos efectos oportunos.